

DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN SANITARIA

Levamos o poder do coñecemento ata o paciente

A innovación fai posible que o coñecemento xerado no ecosistema de saúde chegue:

- **ao paciente**, en forma de novas técnicas diagnóstico e tratamento e fórmulas asistenciais avanzadas.
- **ao mercado**, xerando beneficios económicos que reverteren en máis recursos para o Servizo Galego de Saúde (Sergas).

A Axencia de Coñecemento en Saúde participa neste proceso cunha **visión innovadora** que integra a todos os axentes do sistema sanitario -dende os profesionais ata os provedores-, que recolle as **mellores prácticas a nivel internacional** e que se alía cos **partners máis afíns** aos intereses de Galicia neste eido.

Prioridades. Os proxectos de innovación promovidos por ACIS achegan solucións orientadas a:

- A promoción da saúde.
- A prevención.
- A abordaxe da cronicidade.
- A autoxestión e o autocuidado da doenza.
- A implantación de medidas que aseguren a continuidade asistencial.
- O pulo dun modelo aberto coa participación de profesionais, provedores e pacientes.
- A adopción de metodoloxías axeitadas de avaliación de impacto en saúde e en custo.
- O aproveitamento das vantaxes das TIC para achegar os servizos e apostar polo fogar como lugar de atención.
- A xestión de fórmulas avanzadas para o envellecemento activo e saudable.

A estratexia de ACIS na área de innovación dá prioridade:

- **Á transferencia dos resultados científicos** xerados nos laboratorios dos hospitais a través dos institutos e das fundacións de investigación sanitaria.
- **Ás ideas para a mellora continua** achegadas polos profesionais e demais axentes do ecosistema de saúde con base na súa experiencia, a través de novas dinámicas de innovación aberta.
- **Ás iniciativas de compra pública innovadora** para atopar solucións novas adaptadas ás necesidades concretas do Sistema Galego de Saúde e os **proxectos conxuntos con entidades de referencia en Europa**.

Se precisas contactar coa Área de Innovación, pódenos escribir a innovacion.acis@sergas.es ou contactarnos por teléfono no **981 580 633**.